

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

I E S URBANO LUGRÍS
MALPICA DE BERGANTIÑOS
CURSO 2022-2023



Páxina	
	Datos de identificación do centro
4	DOCUMENTO Nº1: Plan Anual
5	1.1. Introducción.
7	1.2. Necesidades do centro
	1.2.1. Ámbito material
	1.2.2. Ámbito pedagógico-didáctico
	1.2.3. Ámbito organizativo
	1.2.4. Ámbito de relación coas familias e co entorno
10	1.3. Obxectivos específicos e medidas
17	1.4. Recursos
19	1.5. Avaliacións, entrega de notas e reclamacións
20	1.6. Conmemoracións no curso 2022-2023 e días non lectivos.
21	1.7. Auxiliares de conversa.
22	1.8. Seccións bilingües
23	DOCUMENTO Nº2: Horario xeral do centro
24	Horario lectivo do centro
24	2.2. Horario e condicións nas que estarán dispoñibles para o alumnado as instalacións e servizos do centro.
25	2.3. Horario e condicións nas que o centro permanecerá aberto a disposición da comunidade escolar fóra do horario lectivo
26	2.4. Horario de verán
27	DOCUMENTO Nº3: Organización de servizos complementarios
	3.1. Transporte escolar:
	<ul style="list-style-type: none">• Nº de alumnos/as que utilizan os servizos complementarios.• Rutas.• Nº de alumnos/as por ruta.
32	DOCUMENTO Nº4: Recollida de datos 1º parte
	ANEXO I
	Programacións didácticas dos departamentos

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

DENOMINACIÓN:

Instituto de Educación Secundaria "Urbano Lugrís" de Malpica de Bergantiños.

ENDEREZO:

Estrada de Santo Hadrián, S/N 15113 Malpica de Bergantiños.

CÓDIGO DO CENTRO:

15008301

TEÉFONO:

881 880 725

CORREO ELECTRÓNICO:

ies.urbanolugris.malpica@edu.xunta.es

PÁXINA WEB:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesurbanolugrismalpica/>

DOCUMENTO N° 1

PLAN ANUAL

1.1. INTRODUCCIÓN

A programación xeral anual é o instrumento básico que recolle a planificación, organización, funcionamento e plan de mellora do centro. Realizarase, dacordo cos principios de autonomía, economía e eficiencia.

O noso instituto ten autorizada a impartición das ensinanzas da etapa educativa da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), forma parte do programa EDIXGAL en toda a etapa da ESO e do espazo ABALAR con Abalar móbil. Forma parte, tamén, de ESCOLAS CONECTADAS.

Neste curso o centro participará nos seguintes programas:

- CONTRATOS-PROGRAMA: *CP-Inclúe*, e *CP-Innova*, para os catro niveis da ESO.
- PLAN PROXECTA: Programa 02- *Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD)*, e Programa 31- *Correspondentes xuvenís*.
- Programa de intercambio escolar *EduExchanges EN LIÑA*, en francés.
- Programa de *intercambio escolar PRESENCIAL* cun centro da *Académie de Bretagne* (Francia).
- Programa de intercambio escolar *EduExchanges PRESENCIAL* cun centro de Irlanda.
- Club de Ciencia (continuidade).
- Programa de Sección Bilingüe de Bioloxía en inglés en 3º ESO
- Radio na biblio
- Club de lectura para alumnado e tamén de adultos para as familias.
- PFPP bianual, que inclúe as liñas de traballo seguintes:
 - Plan dixital do centro. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital.
 - Convivencia escolar e clima da aula. Saúde e benestar emocional. Relacións coas familias
 - Biblioteca escolar
- Proxectos e-Twinning.

- Prácticum do Máster de Profesorado

A través do CEFORE, organizarase unha formación para as familias do alumnado sobre o uso educativo das novas tecnoloxías e o funcionamento de EDIXGAL.

Atendendo ás Leis vixentes, a actividade educativa, orientada polos principios e declaracións da Constitución, tenderá a consecución dos seguintes fins:

- A. Pleno desenvolvemento do alumnado.*
- B. A formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais, na igualdade entre homes e mulleres e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.*
- C. A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos.*
- D. A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.*
- E. A formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos e para a prevención de conflitos, para a súa resolución pacífica e a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.*

A actividade educativa desenvolverase atendendo aos seguintes principios:

- A. A formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores morais do alumnado en todos os ámbitos da vida, persoal, familiar, social e profesional.
- B. A participación e colaboración das familias para contribuír á mellor consecución dos obxectivos educativos.
- C. A efectiva igualdade de dereitos entre os sexos, o rexeitamento a todo tipo de discriminación, e o respecto por todas as culturas.
- D. O desenvolvemento das capacidades creativas e do espírito crítico.
- E. O fomento dos hábitos de comportamento democrático.
- F. A autonomía pedagóxica nos límites establecidos polas leis, así como a actividade investigadora dos profesores a partir da súa práctica docente.
- G. A atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional.
- H. A metodoloxía activa que asegure a participación do alumnado nos procesos

de ensino e aprendizaxe.

- I. A avaliación dos procesos de ensino e aprendizaxe, dos centros docentes e dos diversos elementos do sistema.
- J. A relación co contorno social, económico e cultural.
- K. A formación no respecto e defensa do medio ambiente.
- L. O desenvolvemento do espírito emprendedor.

Entre as medidas de atención á diversidade que contemplamos para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo e necesidades educativas especiais, atópanse as seguintes:

- a. Adaptacións curriculares.
- b. Un grupo de PMAR en 2º de ESO. (Non houbo suficiente alumnado para crear un grupo de 3º de PDC)
- c. A oferta de materias optativas e materias de libre configuración.
- d. Atención individualizada fóra da aula por parte do profesorado especialista en pedagogía terapéutica (PT).
- e. Programas de reforzo.
- f. Programas de recuperación de pendentes.

As medidas de atención a diversidade están orientadas a consecución dos obxectivos da ESO por parte de todo o alumnado e non poderán en ningún caso supoñer unha discriminación que lles impida acadar os ditos obxectivos e a titulación correspondente.

Na educación secundaria obrigatoria prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado.

Na elaboración do plan anual, a formulación de obxectivos tenta dar resposta tanto ás necesidades recollidas na memoria anual do centro do curso 2021-2022, como a outras detectadas a posteriori.

1.2. NECESIDADES DO CENTRO

Da análise dos datos da avaliación interna feita no centro, detéctanse, en xeral,

necesidades relacionadas no que respecta ao ámbito material, ao ámbito pedagóxico-didáctico, ao ámbito organizativo e tamén ao ámbito de relación coas familias e o entorno.

En canto ao ámbito pedagóxico-didáctico, debemos seguir traballando por reforzar e mellorar a competencia matemática e a competencia lingüística do alumnado, tanto nas súas propias nas linguas como nas linguas estranxeiras, sen perder de vista a mellora na competencia dixital do alumnado, do profesorado e familias.

Compre, igualmente, reforzar e mellorar as competencias sociais e cívicas, tanto, nas relacións interpersoais cara a cara como coma no uso das redes sociais, potenciando a igualdade, a tolerancia e o respecto.

Tratarase, pois, de fomentar no centro a participación en proxectos e programas educativos e de formación que contribúan á mellora en todos estes aspectos.

A formulación dos obxectivos, farase en base ás necesidades de toda a comunidade educativa, é dicir, do alumnado, das súas familias, do profesorado e do persoal non docente, e tendo en conta o contexto educativo e os servizos que forman parte das accións educativas do centro; formularemos, pois, uns obxectivos específicos para cada un dos ámbitos, proporemos as medidas a levar a cabo e indicaremos os recursos con que conta o centro para a súa consecución.

1.2.1. NECESIDADES NO ÁMBITO MATERIAL

- Avaliar o estado de conservación das instalacións do centro e facer melloras de mantemento onde sexa necesario.
- Mellorar as condicións de limpeza das instalacións.
- Mellorar os espazos deportivos e lúdicos.
- Actualizar e mellorar a conservación dos equipos informáticos.
- Renovar portas e instrumentos musicais estropeados pola carcoma, e ampliación da dotación con novos instrumentos.
- Estudar a posibilidade de instalar a radio dentro do espazo da biblioteca.
- Considerar a posibilidade de habilitación dun espazo ou Kiosco para cafetería xestionada por alumnado de 4º ESO para financiamento da excursión fin de curso.

- Salón de actos no centro.

1.2.2. NECESIDADES NO ÁMBITO PEDAGÓGICO-DIDÁCTICO

- Actualizar e revisar as programacións didácticas LOMCE e elaborar as programacións LOMLOE para os cursos impares.
- Establecer os criterios para outorgar a matrícula de honor en 4º ESO.
- Promocionar e fomentar procesos de ensino-aprendizaxe significativos, por exemplo o ABP.
- Mellorar a competencia lingüística do alumnado, nas linguas estranxeiras e nas súas propias.
- Mellorar /reforzar a atención dos alumnos con NEAE.
- Mellorar os hábitos de vida saudables do alumnado.
- Mellorar o funcionamento dos programas de reforzo e apoio educativo.
- Fomentar a participación en programas de innovación educativa.
- Fomentar e progresar na incorporación das TIC á práctica docente.
- Mellorar o contido educativo das medidas disciplinarias.
- Mellorar a convivencia no centro.
- Actualizar os documentos do centro.

1.2.3. NECESIDADES NO ÁMBITO ORGANIZATIVO

- Distribuír as aulas e os espazos comúns de modo que permitan un óptimo aproveitamento.
- Mellorar a coordinación dos órganos de goberno e de coordinación do centro.
- Coordinar de modo efectivo as Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Incorporar e usar as TIC de forma xeneralizada na organización do centro.

1.2.4. NECESIDADES NO ÁMBITO DE RELACIÓN COAS FAMILIAS E CO ENTORNO

- Mellora /afianzar a relación cos centros adscritos.
- Mellorar/ afianzar a relación e colaboración coas entidades públicas de Malpica.
- Mellorar/ afianzar a colaboración mutua entre a ANPA e o centro.
- Mellorar a relación e comunicación entre as familias e o centro.
- Conseguir maior implicación das familias no proceso educativo.

1.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E MEDIDAS

Os obxectivos básicos do centro están recollidos no seu PEC, onde se destaca que a finalidade principal da comunidade educativa debe estar orientada a lograr o desenvolvemento da personalidade do alumno. Para isto, ademais de traballar o ámbito cognitivo será necesario potenciar o respecto polos dereitos e polas liberdades básicas, a adquisición, por parte do alumnado de hábitos intelectuais e técnicas de traballo que os capaciten para o desempeño da súa futura actividade profesional.

Serán principios fundamentais de todas as actividades que se desenvolvan a tolerancia e o mutuo respecto entre todos os membros da comunidade educativa escolar, non tendo cabida actitudes sexistas, xenófobas nin racistas.

Posto que a comunidade educativa está formada por alumnado, pais e nais, profesorado e persoal non docente, e tendo en conta o contexto educativo e os servizos tanto educativos coma doutra índole que forman parte das accións educativas do centro, formularemos uns obxectivos específicos que abrangan todos eses ámbitos, proporemos accións ao respecto e identificaremos os recursos que ten o centro para a súa consecución.

1.3.1. ÁMBITO MATERIAL: OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E MEDIDAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	MEDIDAS
Mellorar e acondicionar os espazos interiores.	Cristalización do chan que quedou pendente do curso anterior: sala de profesores, conserxería e despachos.
	Retirada da cuberta rota do fútbolín.
	Renovación de portas e instrumentos musicais estropeados pola carcoma.
	Estudo da viabilidade de instalar a radio dentro do espazo da biblioteca.
Mellorar e acondicionar os espazos exteriores.	Retirada e substitución da canasta de baloncesto oxidada do patio exterior por unha nova.
	Instalación nas pistas exteriores de materiais deportivos que faciliten a integración e igualdade: pista de voleibol e algún xogo tradicional.
Implicar ao alumnado no coidado do centro.	Renovación e instalación de máis papeleiras no patio.
	Fomento e implementación da separación de residuos coa colocación de pequenos contenedores de reciclaxe no vestíbulo.
Mellorar a comunicación dos danos ou avarías do centro.	Detección e comunicación inmediata de deficiencias, avarías e danos nas instalacións, equipos informáticos... a través dos titores, conserxe, etc segundo corresponda.
Implicar ao alumnado e profesorado do centro no aforro enerxético.	Desconexión dos equipos despois da súa utilización.
	Apagado de luces e proxector ao saír ao recreo, cando non se esté usando a aula e ao irse para a casa.
Acondicionar un espazo, para uso como cafetería polo alumnado de 4º ESO para o autofinanzamento das excursións.	Estudo da viabilidade de acondicionar un espazo, para uso como cafetería polo alumnado de 4º ESO para o autofinanzamento das excursións.

1.3.2. ÁMBITO PEDAGÓGICO-DIDÁCTICO: OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E MEDIDAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	MEDIDAS
Revisar e actualizar e/ou elaborar os documentos do centro.	Revisión e actualización das programacións didácticas LOMCE. Elaboración das programacións didácticas LOMLOE, de cursos impares. Elaboración dos criterios para outorgar a matrícula de honor en 4º ESO e incorporación destes ao Proxecto Educativo do Centro. Elaboración do Plan de Convivencia. Revisión e actualización das NOFC. Revisión do Plan de Acción Titorial. Revisión do Plan de atención á diversidade.
Desenvolver no alumnado unha aprendizaxe interdisciplinar activa, participativa e significativa.	Fomento dos procesos de ensino-aprendizaxe por proxectos (ABP). Fomento dunha maior coordinación e colaboración entre departamentos didácticos. Desenvolvemento do Club de Ciencia. Desenvolvemento do Club de Lectura. Posta en marcha da radio escolar. Participación no programa Correspondentes Xuvenís.
Mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado con NEAE.	Celebración de reunións periódicas dos titores para analizar as medidas de atención educativa aplicadas. Información e formación do profesorado na atención educativa de alumnos con distintos ritmos de aprendizaxe e necesidades.

	Desenvolvemento do Plan de Atención á Diversidade.
	Elaboración de programas de traballo para aplicar polo profesorado de reforzo e apoio.
Consolidar o uso de Edixgal e das TIC na práctica docente.	Fomento do uso das plataformas corporativas : Edixgal e aula virtual.
	Promoción da formación continua do profesorado.
	Desenvolvemento do Plan Dixital do centro e doutros proxectos a través do PFPP.
Mellorar o clima de convivencia no centro.	Desenvolvemento do Plan de Convivencia.
	Elaboración de materiais e recursos didácticos para afrontar os diferentes problemas condutuais do alumnado derivado á aula de convivencia.
	Emprego de programas de mellora de condutas disruptivas e habilidades sociais.
	Implicación do alumnado na revisión e actualización das NOFC do centro e no cumprimento das normas.
Fomentar a participación en programas de innovación educativa.	Difusión dos plans e proxectos educativos da Consellería de Educación.
	Fomento da participación do profesorado e do centro nos diferentes plans e proxectos da Consellería como o Plan Proxecta ou os Contratos-Programa, PLAMBE, Intercambios escolares en liña e presenciais, etc.
Mellorar os hábitos de vida saudables do alumnado.	Organización do Proxecto deportivo de centro.
	Dinamización e promoción da actividade física, o coidado da hixiene corporal e a alimentación saudable entre ao alumnado.
Mellorar a competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras e nas propias.	Desenvolvemento do programa de seccións bilingües.
	Participación en proxectos de intercambio lingüístico, tanto en liña como presenciais.
	Desenvolver o plan de mellora de biblioteca escolar (PLAMBE), creación de clubs de lectura.

Posta en funcionamento da radio escolar.
--

1.3.3. ÁMBITO ORGANIZATIVO: OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E MEDIDAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	MEDIDAS
Organizar e optimizar a distribución das aulas e espazos de uso común.	Establecemento de criterios para o uso de aulas e espazos comúns.
Planificar as reunións anuais dos órganos de coordinación e de goberno.	Planificación a principio de curso das reunións anuais dos diferentes órganos de coordinación do centro (Consello Escolar, Claustro, CCP, sesións de avaliacións ...).
Mellorar a comunicación entre os diferentes membros da comunidade educativa.	Promoción e difusión do uso de Abalar móbil entre o profesorado e as familias.
	Elaboración do Plan de comunicación do centro.
	Elaboración do Plan de acollida de alumnado novo.
	Elaboración do Plan de acollida de profesorado novo.
	Fomento do uso responsable das TIC e familiarización do alumnado co uso da mensaxería das plataformas educativas corporativas.
Coordinar de modo efectivo as Actividades Complementarias e Extraescolares.	Incorporación e uso das TIC de forma xeneralizada na organización do centro.
	Difusión do protocolo a seguir para a comunicación e unha boa coordinación das actividades.

1.3.4. ÁMBITO DE RELACIÓN CO PERSOAL NON DOCENTE, COAS FAMILIAS E CO ENTORNO: OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E MEDIDAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	MEDIDAS
Colaborar na boa marcha das relacións entre todos os sectores que constitúen a comunidade educativa.	
	Transmisión, a través do seu representante no consello escolar, dos intereses e as

	necesidades do persoal non docente e ofrecerlles colaboración na procura de solucións.
	Integración e participación do persoal non docente, na medida do posible, nas actividades, tanto lúdicas como educativas, que se leven a cabo no centro.
Mellorar a relación cos centros adscritos.	Fomento de actividades complementarias intercentros.
	Consenso cos centros da zona para a elección dos días non lectivos.
Mellorar a relación e colaboración coas institucións e entidades públicas de Malpica e da contorna.	Participación e/ou promoción de actividades con outras institucións do concello e mesmo concellos limítrofes.
Promover unha boa relación, colaboración mutua e comunicación constante entre o centro e a ANPA.	Realización de reunións periódicas para tratar os problemas que expostos polos pais e nais da ANPA.
	Colaboración coa ANPA na difusión do seu labor e para dar a coñecer a importancia de pertencer a ela.
	Potenciación do contacto dos membros da ANPA coas familias.
Fomentar e mellorar as relacións e comunicación entre as familias e o centro.	Fomento da inscrición de pais e nais en Abalar móbil como medio de comunicación.
	Implicación das familias no proceso educativo dos fillos e achegamento de información de xeito regular.
	Invitación ás familias a participar e colaborar na organización e celebración de actividades do centro.
	Actualización e mantemento da web do centro para información xeral de interese para familias e alumnado.
	Información, escrita e individual ao comezo de curso, con acuse de recibo, sobre materias pendentes do alumnado e plans de recuperación.

	Recepción e asesoramento a través das titorías e da Orientadora mediante cita previa.
	Proposta dun Club de Lectura para as familias.

1.3.5. ÁMBITO DE RELACIÓN COS SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	MEDIDAS
Coordinar a actuación cos servizos de orientación da Consellería de Educación, cos servizos de saúde, co Equipo de Orientación Específico provincial (EOEP), Centro de formación e recursos do profesorado, Servizos sociais do Concello, Servizos sanitarios da zona, cos servizos de orientación da Consellería, coa Inspección e coa Delegación de educación.	<p>Detección de necesidades, avaliación das mesmas e colaboración na búsqueda de solucións cos servizos que se adecúen a solución das necesidades que se presenten.</p> <p>Solicitud de asesoramento a Inspección educativa sempre que se considere necesario por parte da comunidade educativa deste centro</p>

1.4. RECURSOS PERSOAIS, MATERIAIS E DIDÁCTICOS

Para a consecución dos obxectivos e a aplicación das medidas propostas a ese fin, contamos cos recursos persoais, materiais e didácticos seguintes:

- Persoal do centro, docente e non docente.
- Centro de formación e recursos do profesorado.
- EOEP
- Inspección educativa.
- Consellería de Educación e a Delegación Provincial de Educación
- Servizos sociais do Concello, en especial a asistente social.
- Servizos sanitarios da zona.
- Doce aulas xerais equipadas con ordenador para o profesor, canón e pantalla táctil. Unha delas para uso de PMAR 2º ESO, outra é aula materia de Lingua Francesa, outra é aula materia de Lingua Inglesa e outra delas é para desdobres e está dotada con proxector, pizarra dixital e ordenador. Unha delas, trátase dun espazo de grandes dimensións que foi ampliado e reconvertido en aula pola administración a raíz do COVID, estaba, nun principio, deseñado para cafetería e será, de momento, destinado a usos múltiples.
- Hai 8 aulas equipadas con carros para a carga dos ordenadores de EDIXGAL.
- Portátiles EDIXGAL para todo o alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º ESO.
- Portátiles EDIXGAL para o profesorado que imparte clase a 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.
- Unha bibliomaker, extensión da biblioteca do IES, dotada con 13 pantallas, 15 ordenadores para investigación situados en "U" e mesa central de traballo en construción. Unha impresora 3D, un proxector, pizarra dixital e altofalantes.
- Unha aula de convivencia.
- Aula de PT e AL. (A de AL en desuso por non haber profesorado específico).
- Aula TIC equipada con 14 postos de alumno equipados con ordenador, ordenador na mesa do profesor, altofalantes, proxector e un escáner vello.
- Biblioteca equipada con tres ordenadores para os alumnos, e pantalla para proxeccións con un canón e dous altofalantes. Dous ordenadores co MEIGA.

- Gimnasio con dotación de ordenador en rede para o profesorado.
- Aula de Educación Plástica e Visual equipada con dous ordenadores en rede e impresora 3D.
- Aula de tecnoloxía equipada con dous ordenadores en rede. MAKERSPACE-FabLab (en proceso de construción).
- Dous patios interiores, equipados como aula de xogos, utilizados nos recreos polo alumnado: un deles conta cunha mesa de pingpong e o outro cun futbolín.
- Cabina equipada con radio que emite no interior do centro, nas zonas comúns, e nos patios.
- Aula de Música. Utilizada para as reunións cos pais ao non existir salón de actos. Nela caben axustadamente os pais de dous niveis.
- Laboratorio de Ciencias Naturais e Física e Química, que necesita cambio de equipamento dixital. Dotado de encerado dixital con altofalantes, ordenador en rede e proxector.
- Un departamento de Matemáticas e EF.
- 3 habitáculos de 9 m² cada un nos que se distribúen os restantes 11 departamentos didácticos (Lingua Castelá, Lingua Galega, Lingua Francesa, Lingua Inglesa, Xeografía e Historia e Relixión). Non hai departamentos para as xefaturas de extraescolares e dinamización lingüística.
- Sala de profesorado con 4 ordenadores en rede de uso común e canón.
- Sala de reunións con dous ordenadores, unha impresora en color, un microondas, un moble con frigorífico e unha máquina de café.
- Despacho de dirección.
- Despacho de xefatura de estudos.
- Departamento/despacho de Orientación.
- Un despacho para a ANPA con dobre uso para que titores e titoras reciban as familias.
- Administración sen almacén cunha parte dedicada a despacho de secretaría.
- Conserxería con dous equipos de reprografía e encanutilladora.
- Diferentes materiais e recursos didácticos distribuídos nos diferentes departamentos,

e material dixital obsoleto.

- Programas informáticos.
- Programa de actividades complementarias e extraescolares.
- Proxecto educativo e curricular.
- Proxecto ABALAR e EDIXGAL en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO.
- Proxecto de Mellora de Biblioteca.
- Plan lector.
- PFPP
- Programas específicos da Consellería:
 - Clubs de lectura. Para o alumnado, familias e profesorado.
 - Sección bilingüe de inglés en 3º ESO (Ciencias).
 - Club de Ciencias
 - Plan Proxecta
 - Contratos programa

1.5. AVALIACIÓNS, ENTREGA DE NOTAS E RECLAMACIÓNS

AVALIACIÓNS INICIAIS	Mércores 21 setembro	16:15h	1ºESO 2ºESO
	Xoves 22 setembro	16:15h	3ºESO 4ºESO
REUNIÓN TITORES/AS PAIS/NAIS	Mércores 21 setembro	19:00h	1ºESO 2ºESO
	Xoves 22 setembro	18:00h	3ºESO 4ºESO
PRIMEIRA AVALIACIÓN	Martes 20 decembro	16:15h	4ºESO 3ºESO 2ºESO 1ºESO
ENTREGA NOTAS	Xoves 22 decembro		

SEGUNDA AVALIACIÓN	Mércores 29 marzo	16:15h	3°ESO 2°ESO 1°ESO 4°ESO
ENTREGA NOTAS	Venres 31 marzo		

EXAMES PENDENTES	9 – 10 – 11 maio	horario de tarde
-------------------------	-------------------------	-------------------------

TERCEIRA AVALIACIÓN	Mércores 7 xuño	16:15h	4°ESO 1°ESO 2°ESO 3°ESO
ENTREGA NOTAS	Venres 9 xuño		

PROBAS FINAIS	16 – 19 - 20 xuño		
AVALIACIÓN FINAL	Xoves 22 xuño		
ENTREGA NOTAS	Luns 26 xuño	12:30h	
RECLAMACIÓNS	Luns 26 xuño	12:30 – 14:00h	
	Martes 27 xuño	10:00 – 13:00h	

CLAUSTRO E CCP	Venres 30 xuño
-----------------------	-----------------------

DÍAS NON LECTIVOS	Luns 31 de outubro (día do ensino)
	Luns 5 decembro – venres 28 abril (centro)

MEMORIAS DEPARTAMENTOS	Entregar antes do 5 xullo
-------------------------------	----------------------------------

Máis información no bloque CALENDARIOS da web ou no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesurbanolugrismalpica/system/files/CALENDARIO%20DE%20AVALIACI%C3%93NS%2022-23.pdf>

1.6. CONMEMORACIÓNS QUE SE CELEBRARÁN O CURSO 2022-2023

Estas celebracións dinamizaranse desde os departamentos de EDLG, Departamento de Extraescolares e/ou a BIBLIOTECA, esta última actuando como centro neurálxico do centro, en colaboración cos demais departamentos:

- 28 de outubro: Halloween- Samaín
- Concurso de tarxetas de Nadal

- Poesía de San Valentín-Candelaria
- 20 de novembro de 2022: Día Universal da Infancia
- 25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2022: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2022: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 22 de decembro: Festa de Nadal.
- 24 de xaneiro de 2023: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 6 ao 10 de marzo de 2023: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 17 e o 21 de abril de 2023: Semana do Libro
- 2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2023: Día de Europa.
- Do 15 ao 19 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2023: Día Mundial do Medio Ambiente
- 20 de xuño Festa de Fin de curso

DÍAS NON LECTIVOS que solicita o centro segundo se establece no punto 2 do artigo 7 da orde pola que se aproba o calendario escolar: Días 5 de decembro e 28 de abril.

1.7. AUXILIARES DE CONVERSA

Este curso incorporárase un auxiliar de conversa de Inglés cun horario lectivo de 16 horas semanais. Entre as tarefas a desempeñar atópanse:

- Asistir á docente CLIL como apoio lingüístico na aula.
- Apoiar á docente CLIL na planificación das clases e na elaboración de materiais didácticos.
- Dar apoio lingüístico na aula ás docentes de lingua estranxeira.
- Reforzar a competencia lingüística do profesorado, na lingua inglesa.

MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS SÚAS ACTIVIDADES:

- Reunión semanal coa profesora da sección bilingüe e a profesora coordinadora de inglés para detectar necesidades e facer práctica lingüística.
- Seguimento mensual das tarefas realizadas polo auxiliar de conversa.
- Avaliación trimestral das súas actividades.
- Elaboración dunha memoria ao rematar o curso.

1.8. SECCIÓN BILINGÜE. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA

- Reunión semanal entre coordinadora e profesora.
- Entrega de memoria final.
- Entrega de recoñecemento ao alumnado.

DOCUMENTO Nº 2

HORARIO XERAL DO INSTITUTO

2.1. HORARIO LECTIVO DO INSTITUTO NO QUE SE LEVARÁN A CABO AS ACTIVIDADES QUE IMPLICAN PRESENZA DE ALUMNADO NAS ENSEÑANZAS QUE SE IMPARTEN NO INSTITUTO.

As actividades escolares do instituto realízanse de luns a venres, cun total de 32 períodos lectivos semanais de 50 minutos de duración.

Ao longo da semana o horario lectivo organízase da forma seguinte:

- Os luns haberá unha xornada de mañá de 08:45 a 14:10 horas, cun recreo de 30 minutos de duración despois do terceiro período lectivo, e pola tarde a xornada escolar abrangue dende as 16:15 a 17:55 horas.
- De martes a venres a xornada é de mañá de 08:45 a 14:10 horas, cun recreo de 30 minutos de duración despois do terceiro período lectivo.

HORARIO DE SECRETARÍA DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

A oficina de secretaría está aberta de 8:30 a 14:00 horas. Ademais, o persoal que atende acode ao traballo todas as tardes de avaliacións, matrículas, reclamacións e todas aquelas nas que o equipo directivo precise e estean dentro do seu horario.

2.2. HORAS E CONDICIÓNS NAS QUE ESTARÁN DISPOÑIBLES PARA O ALUMNADO CADA UN DOS SERVIZOS E INSTALACIÓNS DO INSTITUTO.

A **BIBLIOTECA** estará a disposición do alumnado durante os recreos, nos que haberá un profesor de garda para atender ao alumnado no préstamo de libros e coidar do alumnado que vaia a biblioteca a estudar ou ler. No resto do horario lectivo, o alumnado tamén poderá acudir á biblioteca sempre que vaia ou estea acompañado dun profesor ou profesora.

O profesorado con períodos lectivos de dedicación á biblioteca está a disposición de toda a comunidade, ten horario público de atención e pertence na súa maioría ao equipo do PLAMBE e é de varios departamentos.

O **POLIDEPORTIVO** utilízase nas clases da área de Educación Física.

A **AULA DE INFORMÁTICA**: utilizarase como un recurso educativo en todas as materias do currículo, priorizarase a súa utilización nas áreas nas que no DCB se recollen contidos relacionados coas Novas Tecnoloxías informáticas. O alumnado nesta aula estará sempre acompañado por un profesor.

A aula de informática conta con 14 ordenadores.

A BIBLIOMAKER: Extensión da biblioteca, é ademais unha segunda aula de informática. Nela hai 15 ordenadores con 13 pantallas, de características homoxéneas e adaptados para un uso de investigación e elaboración de tarefas. A aula cos ordenadores colocados en "U" conta cunha gran mesa central que constitúe o espazo maker, onde os alumnos, constrúen, fan impresión 3D, proban con robots ou outros elementos e plasman as súas conclusións. Hai tamén, un proxector, pizarra dixital, altofalantes e un ordenador para uso do profesor.

O LABORATORIO: utilizarase nos períodos lectivos que o profesorado do Departamento de Ciencias Naturais e Física e Química teñen disposto.

A AULA DE TECNOLOXÍA: utilizarase nos períodos lectivos que o profesorado do Departamento de Tecnoloxía o necesite.

OS PATIOS EXTERIORES, PATIOS INTERIORES E BIBLIOTECA : utilízanse nos recreos.

OUTROS RECURSOS A DISPOSICIÓN DO ALUMNADO

O CONCELLO cédenos o "Centro Cívico", posto que no noso instituto carecemos de instalacións adecuadas para organizar actividades para o alumnado en gran grupo. Cando o presuposto o permite, organízanse neste espazo situado a 3 km do centro.

O transporte ata o centro cívico ten que correr a cargo do escaso presuposto e, xa que consideramos que debe desenvolverse o dereito a educación en condicións de igualdade con respecto a alumnado de Institutos doutras zonas urbanas ou de zonas rurais onde os institutos teñen salón de actos, reclamamos para o alumnado deste instituto a aplicación do principio de igualdade de oportunidades, mediante medidas de compensación de desigualdades. Unha destas medidas sería **habilitar no noso Instituto un salón de actos** pois considerámolo imprescindible.

Das carencias do noso centro con respecto ao equipamento, recursos materiais e deficiencias construtivas do edificio, están informados, de anos anteriores, o Delegado Provincial e a Secretaría Xeral .

2.3. HORAS E CONDICIÓNS EN QUE O CENTRO PERMANECERÁ ABERTO, A DISPOSICIÓN DA COMUNIDADE ESCOLAR, FÓRA DO HORARIO LECTIVO

De forma excepcional, en xeral os mércores por decisión de claustro, o Instituto

permanecerá aberto nos días nos que se celebren reunións (sesións de avaliación, reunións de Claustro, Consello Escolar e Comisión de Coordinación Pedagóxica), así como reunións informativas de pais o das ANPAS cun horario de 16:00 h. a 21:00 h.

Ante calquera necesidade dos membros da comunidade educativa, como grupos de traballo, reparacións, obras no edificio ou outras necesidades o centro permanecerá aberto de 16:00 a 21:00h.

2.4. HORARIO DE VERÁN

O horario de verán para a atención ao público é de 10:00 a 13:00 horas ata o 20 de xullo, e para calquera necesidade que poida xurdir fóra dese horario e data, deixaranse uns teléfonos de contacto publicados na páxina web e na porta do IES.

DOCUMENTO N° 3

**ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS
COMPLEMENTARIOS**

3. ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

TRANSPORTE ESCOLAR

- Número de alumnado que utiliza os servicios complementarios.
- Número de rutas de transporte.
- Número de alumnado por ruta
- Itinerarios

ESTADÍSTICA DE ALUMNADO POR PARADA

Debido ás coordinacións dos autobuses cos outros centros da contorna non coinciden en todos os casos as rutas de entrada coas de saída. Sinálanse abaixo:

RUTAS DE ENTRADA DE MAÑAN

1 ED150303 Arixón – Cruce de San Adrián	25 alumnos
2 ED150309 Cambre – Loutoño – Cerqueda – Sup. Ordóñez	13 alumnos
3 ED150310 Mens - Pontella	13 alumnos
4 ED150312 Malpica – Malpica O Cruce	50 alumnos

RUTAS DE SAÍDA DE MAÑAN

1 ED150303 Arixón – Cruce de San Adrián	25 alumnos
2 ED150309 Cambre – Loutoño – Cerqueda – Sup. Ordóñez	13 alumnos
3 ED150310 Mens - Pontella	13 alumnos
4 ED150312 Malpica – Malpica O Cruce	50 alumnos

RUTAS DE ENTRADA DE TARDE

1 ED150303 Arixón – Cruce de San Adrián	25 alumnos
2 ED150309 Cambre – Loutoño – Cerqueda – Sup. Ordóñez	13 alumnos
3 ED150310 Mens - Pontella	13 alumnos
4 ED150312 Malpica – Malpica O Cruce	50 alumnos

RUTAS DE SAÍDA DE TARDE

1 ED150303 Arixón – Cruce de San Adrián	25 alumnos
2 ED150309 Cambre – Loutoño – Cerqueda – Sup. Ordóñez	13 alumnos
3 ED150310 Mens - Pontella	13 alumnos
4 ED150312 Malpica – Malpica O Cruce	50 alumnos

O noso centro conta cun servizo e transporte escolar que utiliza a maioría do noso alumado, distribuíndose en seis autobuses que farán o percorrido que se indica a continuación:

- PARADAS

DE ENTRADA DE LUNS A VENRES POLA MAÑÁ

Arixón – Cruce de San Adrián	Cambre – Loutoño – Cerqueda – Sup. Ordóñez	Mens - Pontella	Malpica – Malpica O Cruce
<ul style="list-style-type: none"> • Arixón • Leduzo • As Pozacas • Cerqueda-Igrexa • Santirso-A Silvosa • Santirso-Igrexa • Pontella 	<ul style="list-style-type: none"> • Cambre – Loutoño • Cambre-Arriba • Cambre-Leixoadá • Aviño-Marquesiña • A Tremoa • Brion • Buño-Rabuceiras 	<ul style="list-style-type: none"> • Mens • Barizo 4-O Campelo • Barizo 3-O Caseto • Barizo 2-O Pombal • Barizo 1-Bar Xan • Beo 1 • Beo 2 	<ul style="list-style-type: none"> • Malpica • Fonte Ventorrillo • Malpica-O Cruce • IES Urbano LUGRÍS

<ul style="list-style-type: none"> • Pontella-O Río • Cruce San Adrián • IES Urbano Lugo 	<ul style="list-style-type: none"> • Buño-Bar O 3 • Buño-Praza • Cruce Xornes • Cerqueda-Sup. Ordóñez • IES Urbano Lugo 	<ul style="list-style-type: none"> • Beo-Marquesiña • Beo-O Cruceiro • Pontella • IES Urbano Lugo 	
---	--	---	--

DE SAÍDA DE LUNS A VENRES POLA MAÑÁ.

Arixón – Cruce de San Adrián	Cambre – Loutoño – Cerqueda – Sup. Ordóñez	Mens - Pontella	Malpica – Malpica O Cruce
<ul style="list-style-type: none"> • IES Urbano Lugo • Cruce San Adrián • Pontella-O Río • Pontella • Santirso-Igrexa • Santirso-A Silvosa • Cerqueda-Igrexa • As Pozacas • Leduzo • Arixón 	<ul style="list-style-type: none"> • IES Urbano Lugo • Cerqueda-Sup. Ordóñez • Cruce Xornes • Buño-Praza • Buño-Bar O 3 • Buño-Rabuceiras • Brion • A Tremoa • Aviño-Marquesiña • Cambre-Leixoadá • Cambre-Arriba • Cambre – Loutoño 	<ul style="list-style-type: none"> • IES Urbano Lugo • Pontella • Beo-O Cruceiro • Beo-Marquesiña • Beo 2 • Beo 1 • Barizo 1-Bar Xan • Barizo 2-O Pombal • Barizo 3-O Caseto • Barizo 4-O Campelo • Mens 	<ul style="list-style-type: none"> • IES Urbano Lugo • Malpica-O Cruce • Fonte Ventorrillo • Malpica

DE ENTRADA LUNS POLA TARDE.

Arixón – Cruce de San Adrián	Cambre – Loutoño – Cerqueda – Sup. Ordóñez	Mens - Pontella	Malpica – Malpica O Cruce
<ul style="list-style-type: none"> • Arixón • Leduzo • As Pozacas • Cerqueda-Igrexa • Santirso-A Silvosa 	<ul style="list-style-type: none"> • Cambre – Loutoño • Cambre-Arriba • Cambre-Leixoadá • Aviño-Marquesiña • A Tremoa 	<ul style="list-style-type: none"> • Mens • Barizo 4-O Campelo • Barizo 3-O Caseto • Barizo 2-O Pombal • Barizo 1-Bar Xan 	<ul style="list-style-type: none"> • Malpica • Fonte Ventorrillo • Malpica-O Cruce • IES Urbano Lugo

<ul style="list-style-type: none"> • Santirso-Igrexa • Pontella • Pontella-O Río • Cruce San Adrián • IES Urbano Lugo 	<ul style="list-style-type: none"> • Brion • Buño-Rabuceiras • Buño-Bar O 3 • Buño-Praza • Cruce Xornes • Cerqueda-Sup. Ordóñez • IES Urbano Lugo 	<ul style="list-style-type: none"> • Beo 1 • Beo 2 • Beo-Marquesiña • Beo-O Cruceiro • Pontella • IES Urbano Lugo 	
--	--	---	--

DE SAÍDA LUNS POLA TARDE.

Arixón – Cruce de San Adrián	Cambre – Loutoño – Cerqueda – Sup. Ordóñez	Mens - Pontella	Malpica – Malpica O Cruce
<ul style="list-style-type: none"> • IES Urbano Lugo • Cruce San Adrián • Pontella-O Río • Pontella • Santirso-Igrexa • Santirso-A Silvosa • Cerqueda-Igrexa • As Pozacas • Leduzo • Arixón 	<ul style="list-style-type: none"> • IES Urbano Lugo • Cerqueda-Sup. Ordóñez • Cruce Xornes • Buño-Praza • Buño-Bar O 3 • Buño-Rabuceiras • Brion • A Tremoa • Aviño-Marquesiña • Cambre-Leixoadá • Cambre-Arriba • Cambre – Loutoño 	<ul style="list-style-type: none"> • IES Urbano Lugo • Pontella • Beo-O Cruceiro • Beo-Marquesiña • Beo 2 • Beo 1 • Barizo 1-Bar Xan • Barizo 2-O Pombal • Barizo 3-O Caseto • Barizo 4-O Campelo • Mens 	<ul style="list-style-type: none"> • IES Urbano Lugo • Malpica-O Cruce • Fonte Ventorrillo • Malpica


DOCUMENTO N° 4

RECOLLIDA DE DATOS

(1º PARTE)

- ANEXO 1: ALUMNADO
- ANEXO 2: PROFESORADO

En Malpica a 20 de outubro do 2022

A handwritten signature in blue ink that reads "Isabel Pérez". The signature is written in a cursive style with a long horizontal stroke underneath.

María Isabel Pérez Serra

Directora